

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VELATORIO MUNICIPAL:

Artigo 1.-Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa de velatorio municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto.

Artigo 2.-Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servico do velatorio municipal.

O servico é de solicitude obrigatoria cando se pretenda obter algún dos beneficios o que se refire o apartado anterior.

Artigo 3.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas que sexan solicitantes da autorización ou da prestación do servico.

Artigo 4.-Responsables

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 35.2 e 41 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.-Cota tributaria

A cota tributaria pola utilización de cada sala de velatorio por período de 72 horas será de 200 euros.

Artigo 6.-Obriga de contribuír

A obrigación de contribuír nace cando se inicie a prestación dos servicos suxeitos a gravame, entendéndose para estes efectos que a dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

Artigo 7.-Liquidación e ingreso

1.-As persoas interesadas na utilización do velatorio municipal deberán dirixirse ós axentes municipais no horario establecido para tal efecto, e cumprimentar a correspondente instancia.

2.-A taxa liquidarase e esixirase en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse a autorización do aproveitamento solicitado. No caso de denegarse a utilización os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Artigo 8.- Obrigas dos suxeitos pasivos

Os suxeitos pasivos solicitantes do servizo virán obrigados ó cumprimento da norma de uso, o coidado e a limpeza do local.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, se estará ao disposto nos artigos 178 e ss. da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición final:

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.